

DEPARTAMENTO de LINGUA e LITERATURA GALEGAS
Instituto de Educación Secundaria
'XOSÉ NEIRA VILAS'

Perillo (Oleiros)

LINGUA e LITERATURA GALEGAS
curso 2013-2014

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXÍBEIS

para OBTER unha AVALIACIÓN POSITIVA

Os contidos mínimos en PRIMEIRO da ESO

Bloque 1: Comunicación

CONCEPTOS

1. Lectura, recoñecemento e produción de textos correspondentes a distintas tipoloxías: narración, descrición, diálogo.

PROCEDEMENTOS

1. Recoñecemento dos trazos formais e estilísticos de diferentes modelos de textos.
2. Análise de textos orais e escritos como exemplo de aplicación do apartado anterior.
3. Localización de usos discriminatorios da lingua en textos de calquera ámbito de uso e reflexión sobre a adecuación da práctica social e persoal.
4. Interpretación e produción de mensaxes que integren linguaxe verbal con códigos non verbais.

ACTITUDES

1. Respecto polas normas básicas de conduta que rexen o intercambio comunicativo.
2. Respetar as regras (coherencia, propiedade, corrección) que facilitan a comunicación lingüística.
3. Valoración dos medios de comunicación de masas na sociedade actual a partir do coñecemento progresivo das súas linguaxes específicas.
4. Conciencia da importancia decisiva dos medios de comunicación social e escritos no mundo de hoxe e actitude crítica ante o seu uso, distinguindo entre formación e opinión.

Bloque 2: Lingua e sociedade

CONCEPTOS

1. O feito plurilingüe e pluricultural do mundo.
2. As orixes do galego: elementos constituíntes do léxico.
3. A realidade lingüística de Galiza: o idioma galego no mapa lingüístico español.

PROCEDEMENTOS

1. Observación e análise dos comportamentos lingüísticos na vida social.
2. Utilización e elaboración de mapas para localizar áreas lingüísticas no mundo.
3. Identificación dos fenómenos de interferencia lingüística e potenciación positiva do emprego de expresións e construcións propias do galego.

ACTITUDES

1. Valoración da lingua galega, usándoa con normalidade en todas as situacións comunicativas.
2. Respecto pola lingua do interlocutor e rexeitamento crítico de expresións que supoñan prexuízos lingüísticos.
3. Valoración crítica dos factores políticos, económicos e sociolingüísticos que condicionaron a evolución da lingua e da literatura galegas.
4. Valoración da lingua galega como manifestación cultural colectiva e consideración positiva dos necesarios esforzos individuais, colectivos e institucionais a favor da normalización lingüística.
5. Comprensión da situación idiomática de Galiza, valorando a lingua como medio de comunicación e elemento configurador da identidade persoal e colectiva con funcionalidade plena.

Bloque 3: Estudo da lingua

CONCEPTOS

1. Correspondencia entre sons e grafías.
2. Regras de acentuación e de puntuación. Acentuación nas combinacións vocálicas (ditongo, tritongo, hiato).
3. Estrutura da palabra. Clases de palabras: substantivo (flexión de xénero e número), adxectivo (determinantes), pronome, verbo (estrutura e distinción regular/irregular), adverbio e preposición.
4. Léxico: a persoa (as partes do corpo, a saúde, a enfermidade, a vestimenta, os alimentos e as bebidas, o lecer e as afeccións, a vivenda, os sentimentos, a vida espiritual, etc.).

PROCEDEMENTOS

1. Clasificación de palabras a partir de audicións e lecturas diversas.
2. Uso correcto de normas ortográficas –acentuación, puntuación- na produción de textos.
3. Lectura comprensiva de textos en voz alta, utilizando os recursos expresivos da lingua oral.
4. Comprensión e interpretación de diferentes textos orais e escritos.
5. Ampliación de diversos campos semánticos como fonte de enriquecemento vocabular e persoal.

ACTITUDES

1. Interese pola propiedade expresiva oral e escrita, e polo emprego de locucións, léxico e frases características da lingua galega.
2. Produción de textos que atendan aos aspectos de organización lóxica, claridade, orde e coherencia, corrección gramatical, propiedade léxica, nivel de lingua adecuado á situación comunicativa.
3. Interese pola presentación de textos escritos claros e ordenados a partir do respecto por unha boa ortografía.
4. Valoración do léxico patrimonial propio da variante dialectal do alumnado.

Bloque 4: Técnicas de traballo.

CONCEPTOS

1. O uso do dicionario e outras fontes de consulta do léxico.
2. Análise (lectura e anotacións) e síntese (esquemización e resumo) de textos.

PROCEDEMENTOS

1. Manipulación de textos (supresión, ampliación, redución...), analizando e apreciando as consecuencias.
2. Uso de distintas fontes de información (dicionario, bibliotecas...) e elaboración de apuntamentos, notas, fichas... para a realización de traballos académicos.
3. Resumo de textos –por escrito ou oralmente- en que se recolla con exactitude e certo grao de elaboración persoal o seu contido esencial.
4. Elaboración de esquemas –a partir dun texto escrito- que permitan visualizar as relacións e a ordenación xerárquica dos conceptos.
5. Selección, localización, consulta e aproveitamento das fontes de información escrita para realizar traballos.

ACTITUDES

1. Valoración do contido na planificación e execución de producións orais e escritas propias.
2. Valoración do dicionario como fonte de saber e ampliación da competencia lingüística individual e colectiva.

Bloque 5: Literatura

CONCEPTOS

1. Peculiaridades da lingua literaria en relación cos outros niveis de lingua.
2. Recoñecemento das características dos xéneros literarios comúns: narrativa, lírica e dramática.
3. Lectura, comentario e resumo oral / escrito de textos breves (contos, lendas, relatos...), tanto da tradición oral como de autores/as actuais.

PROCEDEMENTOS

1. Lectura e interpretación de textos literarios, tanto da tradición oral como da actualidade.
2. Interpretación da obra literaria como instrumento de transmisión, creación cultural e expresión da realidade histórico-social para unha lectura comprensiva global.
3. Identificación das características temáticas, formais e estilísticas básicas dos tres xéneros literarios máis comúns: narrativa, lírica e dramática.
4. Elaboración dun criterio persoal e argumentado.
5. Produción de textos de distintos xéneros prestando atención a criterios de coherencia e corrección, axustándose ás características formais e buscando un estilo propio de expresión.
6. Achegamento á produción literaria diacrónica e sincrónica máis próxima á realidade vivencial do alumnado.

ACTITUDES

1. Interese e gusto pola lectura como fonte de satisfacción persoal, coñecemento e información.
2. Valoración crítica do factores políticos, económicos e sociolingüísticos que condicionaron a evolución da literatura galega.
3. Valoración do feito literario como produto lingüístico, estético e sociocultural, así como modelo para a produción das creacións propias.
4. Interese por expresar ideas, sentimentos e fantasías mediante diferentes formas literarias.

*Non xustificar a familiarización con calquera das obras literarias de lectura obrigatoria (normalmente unha por avaliación) pode motivar unha cualificación **insuficiente** no conxunto final do curso.*

Os contidos mínimos en SEGUNDO da ESO

COMUNICACIÓN

- Características da comunicación oral e escrita.
- Lectura, recoñecemento e produción de textos correspondentes a diferentes tipoloxías: argumentación e exposición.

LINGUA E SOCIEDADE

- Historia externa da lingua: principais etapas.
- A realidade sociolingüística de Galiza: bilingüismo e diglosia. Interferencias lingüísticas
- Niveis de lingua: estándar, coloquial, culto e científico-técnico.

ESTUDO DA LINGUA

- Acentuación e da puntuación.
- Uso de *h*, de *b/v*, de *-n/-ñ-*. Ortografía dos grupos consonánticos: con *l* e *r*, con *c*, *ps/bs/ds*, *pt/t*, *ct/t*, *gn/gm*, *n/gn*, *es/-ex-*.
- Propiedades do texto: adecuación, coherencia e cohesión.
- Enunciado e oración. Tipos de oración segundo a actitude do falante e segundo a natureza do predicado. Oracións impersoais.
- A oración simple: suxeito e predicado; funcións.
- Sinonimia e antonimia.

LITERATURA

- Principais recursos da lírica: clases de estrofas, métrica, figuras retóricas.
- Principais recursos da narrativa: elementos da narración. Enfoques.
- Principais recursos da dramática: diálogo, monólogo, indicacións escénicas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Recoñece semántica, formal e sintacticamente as clases de palabras.
- Identifica tipos de oracións, segundo a actitude do falante e segundo a natureza do predicado.
- Identifica suxeito e predicado e as funcións sintácticas na oración.
- Utiliza a lingua da forma máis axeitada á situación comunicativa. Distingue e identifica os distintos niveis da lingua: estándar, coloquial, culto e científico-técnico.
- Utiliza a lingua para elaborar todo tipo de producións (argumentacións, exposicións...) atendendo ás súas diferentes estruturas formais e integrando os mecanismos da lingua e os seus elementos formais (marcas de adecuación, procedementos de cohesión e de coherencia).
- Compara, glosa e reelabora textos: descritivo, secuencial, expositivo, argumentativo, comparativo, problema-solución, causal.
- Recoñece os recursos estilísticos da lírica, narrativa e dramática.
- Comenta textos, establecendo unha relación entre a literatura e o contexto histórico e persoal do autor, de trovadores, poetas do século XIX e narradores e dramaturgos do século XX.
- Coñece as principais etapas da historia externa da lingua.
- Realidade sociolingüística de Galiza, conceptos de bilingüismo e diglosia e identifica as interferencias lingüísticas.
- Coñece e aplica as regras de acentuación e de puntuación de textos.
- Aplica con corrección as normas ortográficas dos grupos consonánticos.
- Substitúe palabras polo sinónimo ou antónimo correspondente.

*Non xustificar a familiarización con calquera das obras literarias de lectura obrigatoria (normalmente unha por avaliación) pode motivar unha cualificación **insuficiente** no conxunto final do curso.*

Os contidos mínimos en TERCEIRO da ESO

O texto

- Rexistros da lingua: culto ou formalizado, coloquial ou familiar, vulgar ou informal.
- Narración: estrutura (desenvolvemento, nó, desenlace). Voz narradora, punto de vista. Recoñecemento dos elementos constitutivos (personaxes, argumento, espazo e tempo), da estrutura e do ritmo.
- Tipoloxía textual: o diálogo. O estilo directo. O estilo indirecto.

Léxico e semántica

- Formación de palabras: lexema e sufixos, palabras derivadas, palabras compostas e parasintéticas.
- Identificación de prefixos e recoñecemento dos seus significados. Os prefixos intensificativos *hiper-*, *arqui-*, *extra-*, *hipo-*, *sobre-*, *super-* e *ultra-*. Os prefixos negativos *in-*, *im-*, *i-* como formantes de antónimos. O prefixo *auto-*. Recoñecemento e uso dos prefixos *pre-* e *pos-*. Emprego correcto das terminacións *-ancia*, *-encia*, *-iencia*, *-uencia*, *-cia*, *-cio*, *-za*, *-zo* e *-mento*.
- Os sufixos alterativos, derivativos. Diminutivos, aumentativos e despectivos. Recoñecemento e clasificación de sufixos que indiquen *pertenza a un determinado sitio*.
- Os afixos mega- e -mana.
- Derivación substantiva e adxectiva. A derivación verbal mediante sufixación a partir doutros verbos, substantivos e adxectivos.
- As familia léxica. Familias léxicas regulares e irregulares. Recoñecemento de cultismos e identificación de sinónimos populares.
- A toponimia. Os xentilicios.

Palabras sinónimas, antónimas. Polisemia, homonimia. Metonimias: recoñecemento do termo que substitúen.

- As variantes dialectais. O estándar. O galego exterior.

Morfoloxía e sintaxe

- O substantivo: morfoloxía, xénero e número. Clasificación semántica; xénero (formación do feminino, variábeis e invariábeis); número (formación do plural); frases nominal e substantiva.
- O adxectivo: adxectivos explicativos e especificativos; os graos do adxectivo (positivo, comparativo e superlativo). A frase adxectiva e as súas funcións.
- Determinantes: artigo, demostrativo; posesivo, indefinido, numerais. Contracción con preposicións.
- O pronome persoal tónico. Morfoloxía e funcións. O pronome persoal átono. Morfoloxía e colocación do pronome átono na oración.
- Morfoloxía dos verbos regulares. Modo e tempo. Morfoloxía dos verbos irregulares. As alternancias vocálicas no presente de indicativo. Diferenciación entre verbos regulares e irregulares. As formas infinitas do verbo. As perífrases verbais. A perífrase verbal *seguir + a + infinitivo*.

Preposicións, locución e frase preposicional e funcións. O adverbio e a locución e frase adverbial.

Conxuncións (coordinantes, subordinantes, oracionais) e interxeccións.

Corrección ortográfica

- O alfabeto: letras e dígrafos. O ditongo, o tritongo e o hiato. O sistema consonántico.
- Regras de acentuación ortográfica. Acentuación das palabras compostas. Acentuación diacrítica. Acentuación de interrogativas e admirativas. A diérese.
- O punto: punto e seguido, punto e á parte, punto final, coma, punto e coma, dous puntos e puntos suspensivos. O guión. Partición de palabras a final de liña. As comiñas. Os signos de interrogación e admiración. As parénteses. Maiúsculas e minúsculas.
- Emprego do *b* e do *v*. Uso do *h*. Identificación do uso de *s* e *x*. Uso de *g*, *gu*, *gü*. Uso de *c*, *qu* e *z*.
- Grupos consonánticos *bl*, *cl*, *fl*, *gl*, *pl*, *tl*, *-ct-*, *-cc-*, *[ks]*, *-gm-*, *gn-*, *-gn-*, *pn-*, *ps-*, *pt-*.
- Emprego correcto de *porque*, *porqué*, *por que* e *por qué*.
-

Historia da lingua e da literatura

- O estrato, o substrato e o superestrato. A lingua galega na Idade Media.
- A sociedade medieval. A nobreza e o clero. As letras medievais. Diego Xelmírez e Compostela.
- Literatura medieval. Tradición manuscrita. Os cancioneros. Xéneros da lírica medieval. Afonso o Sabio e as *Cantigas de Santa María*. Axentes literarios (trobadores, segreiros, xograres). Prosa medieval.
- A lingua galega entre 1500 e 1839. Os Séculos Escuros. A Ilustración. O Prerrexurdimento.

- A literatura galega dende os Séculos Escuros ao Rexurdimento. As mostras literarias. Os ilustrados. Os precusores do Rexurdimento. Os movementos políticos.
- O Rexurdimento: 1: Rosalía de Castro. Estudo de *Cantares Gallegos e Follas novas*. 2: Manuel Curros Enríquez. Estudo de *Aires da miña terra e O Divino Sainete*. 3: Eduardo Pondal.
- O s. XX ata 1936. Irmandades da Fala e grupo «Nós». O galego no Estatuto de Autonomía 1936.
- A lingua galega na posguerra. Dos anos 50 á Autonomía.
- Lingua e identidade. Usos lingüísticos en Galiza. Conflito lingüístico. Diglosia. Bilingüismo substitutorio. Normalización.
- A lingua galega nos xornais. A radio e a televisión en lingua galega.
- Bilingüismo e diglosia.

*Non xustificar a familiarización con calquera das obras literarias de lectura obrigatoria (normalmente unha por avaliación) pode motivar unha cualificación **insuficiente** no conxunto final do curso.*

Os contidos mínimos en CUARTO da ESO

LINGUA E SOCIEDADE A lingua galega e o seu contorno. Niveis e rexistros de lingua. As variedades dialectais.

Situación da lingua galega: primeiro terzo do século XX - Na posguerra. A realidade lingüística actual. A lexislación da lingua galega.

O TEXTO Texto descritivo, argumentativo, expositivo: tipoloxías.

LITERATURA Inicio do século XX. O grupo Nós: a obra de Risco, Otero e Castelao. A vangarda literaria en Galiza. Produción no exilio. A poesía na posguerra. Narrativa e teatro na posguerra. Narrativa, poesía e teatro dos últimos anos.

XÉNEROS LITERARIOS Narrativo, e os axentes que o estruturan. Teatral e os constituíntes. A palabra poética. Recursos e xogos poéticos. As linguaxes audiovisuais.

FONOLOXÍA: O sistema vocálico e o sistema consonántico galego.

SINTAXE, introdución. Funcións. As cláusulas compostas, complexas e bipolares.

MORFOLOXÍA

Graos do adxectivo. O xénero e o número. Pronome persoal. Reforzo sobre o verbo.

LÉXICO E SEMÁNTICA Sinonimia, antonimia, polisemia e homonimia. Campo semánticos e familias léxicas. Préstamos e castelanismos.

*Non xustificar a familiarización con calquera das obras literarias de lectura obrigatoria (normalmente unha por avaliación) pode motivar unha cualificación **insuficiente** no conxunto final do curso.*

Os contidos mínimos en PRIMEIRO CURSO de BACHARELATO

Xeografía lingüística

As linguas do mundo. A orixe do multilingüismo e a ecoloxía das linguas
Linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas. Lingua oficial, nacional e internacional
A realidade lingüística en Europa. A diversidade lingüística no Estado Español

Morfo-sintaxe

O substantivo. Xénero, número e clasificación semántica.
O adxectivo. Morfoloxía, gradación e clasificación semántica do adxectivo.
Os pronomes persoais, tónicos e átonos. Usos especiais do dativo. Usos de "se". Colocación dos pronomes átonos.
Os pronomes relativos. Usos e valores. Os pronomes interrogativos e exclamativos.
Artigo. Demostrativo. Posesivo. Identificadores, ordinais, cuantificadores (definidos, indefinidos).
O verbo. Definición e clasificación. Estrutura xeral do verbo galego. Regulares, irregulares e semi-regulares. Usos e valores de modos e tempos verbais
As formas non persoais do verbo: Infinitivo, Xerundio e Participio. As perífrases verbais.

Historia da lingua

Do latín ao galego. Situación lingüística da Península antes da romanización. O substrato.
A Gallaecia romana, berce do idioma. Os romanos en Galiza. Principais evolucións fonéticas do latín ao galego.
O superestrato. O nacemento das linguas romances. Cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais. Familias léxicas irregulares.
O galego na Idade Media. Contexto histórico, social, cultural. Consideración social do idioma e transformación en lingua escrita. Trazos da lingua galego-portuguesa medieval.
Decadencia política de Galiza na Baixa Idade Media. Minorización do idioma galego
A consolidación de dúas variantes da lingua. O portugués no mundo.
Os Séculos Escuros. Galiza baixo o imperio dos Austrias. Imaxe de Galiza e dos galegos durante os Séculos Escuros. Situación sociolingüística: orixes do conflito lingüístico.
Os ilustrados: o renacer da conciencia galega e o espertar da conciencia lingüística
A lingua galega no século XIX. O avance da castelanización. Valoracións sociais, ámbitos e niveis de uso do galego. A consolidación do conflito diglósico.

Literatura

Orixes da poesía romance en Europa. A cultura trobadoresca en Europa
Ámbito xeográfico da poesía medieval galaico-portuguesa. Etapas. O espectáculo trobadoresco.
Autores e intérpretes. A tradición manuscrita.
A cantiga de amigo. Orixes, temas, características, personaxes, modos poéticos e símbolos.
A cantiga de amor. Orixes, temas, regras do amor cortés e forma.
As cantigas de burlas. Tipoloxía, ciclos temáticos e trazos formais.
Os xéneros menores. A prosa medieval.
Cantigas de Santa María. Caracterización, autoría, fontes e motivacións.
A Ilustración e o Pre-Rexurdimento. Galiza baixo os Borbóns. Literatura oral e popular.
Manifestacións literarias cultas nos Séculos Escuros. A literatura ilustrada e pre-renacentista
Claves do Rexurdimento. Os Precusores. O Rexurdimento pleno.
Rosalía de Castro. A poesía costumista na fin de século. A escola rosaliana.
Eduardo Pondal. A escola poética pondaliana.
Curros Enríquez. A escola poética de Curros.

*Non xustificar a familiarización con calquera das obras literarias de lectura obrigatoria (normalmente unha por avaliación) pode motivar unha cualificación **insuficiente** no conxunto final do curso.*

Os contidos mínimos en SEGUNDO CURSO de BACHARELATO

Lingua e texto

- Propiedades do texto: a coherencia e a cohesión. Análise de procedementos lingüísticos básicos e aplicación ás propias producións. A progresión temática.
- A fonética e a fonoloxía. Descrición de fonemas.
- Variedades dialectais. Bloques e áreas. Principais trazos fonéticos, morfolóxicos e sintácticos.
- Estrutura e formación de palabras. Tipos de morfemas e análise morfolóxica.
- Sintaxe: unidades e funcións sintácticas. Análise sintáctica.
- Semántica: campos semánticos. As relacións e os cambios semánticos. Definición de palabras.

A sociolingüística

- Funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: repercusión nos usos.
- Historia da normativización: construción do estándar. Interferencias e desviacións da norma.
- Linguas minorizadas e minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.
- O galego no 1º terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- O galego de 1936 a 1975: características fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- O galego de finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

A literatura

- A literatura do primeiro terzo do século XX:
 - A poesía das Irmandades e a poesía de vangarda.
 - A prosa: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).
 - O teatro: Irmandades, Vangardas e o Grupo Nós.
- A literatura entre 1936 e 1976:
 - A poesía: Xeración do 36, *Promoción de Enlace* e *Xeración das Festas Minervais*. O exilio.
 - A prosa: os renovadores da prosa: Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas. Nova Narrativa Galega. O exilio.
 - O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia. O exilio.
- A literatura de fins do século XX e comezos do XXI:
 - Poesía: temas e autoras e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais.
 - Prosa: temas e autoras e autores dos 80 e dos 90. Tendencias actuais máis relevantes.
 - Teatro dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias actuais máis relevantes.
- Lectura, análise e comentario de textos significativos, polo menos dunha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.

Destrezas comúns

- Lectura comprensiva, análise e comentario de textos de natureza diversa.
- Produción de textos orais e escritos respectuosos coas regras de coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección ortográfica.
- Elaboración de composicións escritas realizadas cun vocabulario rigoroso.
- Interese pola literatura como manifestación artística, como fonte de formación permanente e de satisfacción persoal. Análise de obras e fragmentos de diversos períodos literarios.

*Non xustificar a familiarización con calquera das obras literarias de lectura obrigatoria (normalmente unha por avaliación) pode motivar unha cualificación **insuficiente** no conxunto final do curso.*